

## CONCURSO “BIOPOSTAL NADAL BIOLOXÍA 2024”

A Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago de Compostela convoca o concurso “BIOpostal NADAL 2024”, no que se elixirá a postal que se empregará para felicitar o Nadal a os/as alumnos/as, PDI e PAS da Facultade.

### BASES DO CONCURSO

#### 1.- PARTICIPACIÓN

- Poderán participar todos aqueles alumnos/as que cursen algunha das titulacións de Grao ou Posgrao impartidas na Facultade de Bioloxía no curso 2024/2025.

#### 2.- TEMÁTICA

- A BIOpostal deberá conter: a) o texto “*A Facultade de Bioloxía deséxavos Bo Nadal e Feliz Aninovo 2025*”; b) o logo da Universidade de Santiago; c) **unha foto ou un debuxo artístico cunha temática relacionada cos ámbitos da Bioloxía ou da Biotecnoloxía**; d) o nome do/a autor/a, o título da obra, e un breve texto explicativo dela.

#### 3.- OBRAS

- Soamente se permitirá a presentación dunha obra por participante, que deberán ser orixinais e inéditas; é dicir, non se puideron presentar con anterioridade noutros concursos, webs o calquera outro medio dixital ou impreso.
- Os participantes responsabilizaranse totalmente de ser os únicos autores, de que non existan dereitos a terceiros, así como de toda reclamación por dereitos de imaxe sobre as obras presentadas ao concurso.
- Serán causa de exclusión aquelas obras que teñan connotacións sexistas, xenófobas ou ofensivas contra persoas ou institucións.
- As fotografías e debuxos incluídas nas postais poderán ser en branco e negro ou en cor. Non se aceptarán fotomontaxes, e en caso de dúbidas o xurado podería solicitar ao autor o arquivo orixinal *Raw* da fotografía ou o debuxo orixinal.
- Valorase a orixinalidade e a creatividade a hora de realizar a fotografía/debuxo e compoñer a BIOpostal.

#### 4.- PRESENTACIÓN

- As BIOpostais entregaranse como un ficheiro anexo a través do correo electrónico do decanato ([facultade.bioloxia.decanato@usc.es](mailto:facultade.bioloxia.decanato@usc.es)), indicando no asunto “BIOPOSTAL NADAL BIOLOXÍA 2024”. No texto principal do correo electrónico figurará o título da obra, o nome e apelidos do autor, o título no que está matriculado/a na Facultade de Bioloxía no curso 2024-25, a dirección

completa de contacto, o número de teléfono, e a dirección de correo electrónico (@usc.raí.es).

- O ficheiro anexo terá formato JPEG o TIFF, unha resolución de 300 ppp e será en RGB. O nome do arquivo anexo deberá coincidir co título da obra.

#### **5.- PRAZO DE RECEPCIÓN**

- O prazo de recepción dos traballos estará aberto dende o día seguinte da publicación destas bases, e finalizará o **1 de decembro de 2024**, non sendo admitidos aqueles que se envíen fora deste prazo.

#### **6.- PREMIO**

- Haberá un único premio de 200 € para o gañador.

#### **7.- XURADO**

- Para a concesión do premios se constituirá un Xurado presidido polo Decano da Facultade de Bioloxía (ou persoa en que delegue) e tres membros designados polo equipo decanal. O xurado así formado seleccionará, de entre as obras presentadas en prazo e forma, aquela que considere merecedora do premio. Dita decisión será INAPELABLE, podendo quedar deserto o concurso

#### **8.- FALLO**

- O Fallo do Xurado darase a coñecer o día **11 de decembro de 2024**, publicándose na páxina web da Facultade.
- A entrega do premio realizarase posteriormente ao fallo do xurado e comunicáraselle oportunamente ao galardoado/a.

#### **9- PROPIEDADE DO TRABALLO**

- O/A concursante PREMIADO/A cederá os dereitos da obra galardoada á Facultade de Bioloxía da Universidade de Santiago.

#### **10.- BASE FINAL**

- A participación neste Concurso supón a aceptación total destas bases, así como a decisión do Xurado e a renuncia a calquera reclamación legal.